

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA RETIRADA DE VEHICULOS DA VIA PUBLICA, E INMOBILIZACION E DEPOSITO DOS MESMOS.

Aprobación 11.10.89 - B.O.P.: 27.12.89

Modificación: 04/01/05 - B.O.P.: 23/02/05

Modificación: 31/01/08 – B.O.P.: 03/04/08

Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, establece a TAXA POLA RETIRADA DE VEHICULOS DA VIA PUBLICA E INMOBILIZACION E DEPOSITO DOS MESMOS, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos do 15 a 19 do citado real Decreto Lexislativo 2/2004, e dos artigos 292 e 292 bis do Código de Circulación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta Taxa:

- a) Inmovilización de vehículos
- b) A retirada das vías públicas de aqueles vehículos aparcados en zona non permitida ou que perturben a circulación nas mesmas, ou se atopen abandonados.
- c) Depósito e custodia de vehículos ata a súa recollida polos interesados.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa os titulares dos vehículos inmovilizados, custodiados ou retirados, entendéndose por tales quen figure no permiso de circulación do vehículo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Responderá solidariamente do pago destas taxas quen conduza o vehículo no momento da súa inmovilización ou retirada.

ARTIGO 5.- DEVENGO

Este tributo devengarase, nacente a obriga de contribuír, coa iniciación da prestación do servizo.

Entenderase que se iniciou a prestación do servizo cando detectado o vehículo infractor se inicien as labores conducentes a efectuar os servizos do artigo 2. Tal recollida poderá ser suspendida no caso de que o conductor infractor satisfaga nese momento o importe da taxa, consistente neste caso, no cincuenta por cento da mesma e mobilice o vehículo seguidamente a fin de que o mesmo deixe de orixinar a anomalía pola que se aplica a taxa.

ARTIGO 6.- BENEFICIOS FISCAIS

Están exentos do pago das taxas polos servizos regulados na presente ordenanza os traslados dos vehículos que fose preciso retirar das vías públicas nos supostos 11 e 12 do apartado III do artigo 292 do Código de Circulación.

Non quedarán suxeitos ó pago da Taxa, os vehículos roubados, circunstancia que deberá acreditarse achegando copia da correspondente denuncia formalizada.

Non se recoñece ningún outro beneficio tributario, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A base imponible ven constituída por cada un dos vehículos que sexan retirados polos servizos municipais das vías urbanas, custodiados, depositados ou inmovilizados.

ARTIGO 8.- TARIFAS E COTAS

a) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenando pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas e ciclomotores..... 20,90 €
- Turismos e similares..... 31,35 €
- Camións e autobuses..... 104,50 €

b) Pola retirada e transporte de cada vehículo nos restantes casos:

- Motocicletas e ciclomotores..... 41,80 €
- Turismos e similares..... 62,70 €
- Camións e autobuses..... 209,00 €

Cando polas características dos vehículos a retirar se faga necesaria a utilización de vehículos especiais, a taxa a cobrar será o importe que o Concello teña de satisfacer á empresa que faga o traballo de retirada de vehículos, aumentando un 10 % por gastos xerais de administración.

c) Polo depósito e custodia de cada vehículo por unidade de día ou fracción:

- Motocicletas e ciclomotores..... 3,14 €
- Turismos e similares..... 7,32 €
- Camións e autobuses..... 15,68 €

Esta tarifa aplicarase a partir das 24 horas seguintes da que tivo lugar o traslado do vehículo para o depósito.

ARTIGO 9.- XESTION E RECADACION

A) O procedemento e actuación municipais axustarase ó previsto no Código da Circulación e disposicións que o complementen ou desenvolvan.

B) Non será devolto ao seu propietario ningún vehículo que fose obxecto de recollida mentres non se faga efectivo o pago dos dereitos establecidos no artigo precedente, salvo que, no caso de terse interposto reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma previstas no artigo 224 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

C) O pago das liquidacións da presente taxa non exclúe, en modo ningún, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación e policía urbana.

D) O concello poderá celebrar concerto cos garaxes da localidade, ou outros para a prestación do servizo de grúa e estancia dos vehículos retirados das vías urbanas.

E) A Administración municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motivo das actuacións de inmovilización, transporte, retirada e depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballe por conta do Concello incorrese en culpa ou negligencia.

ARTIGO 10.- INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior *Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados*, que fora aprobada con data 11 de outubro de 1989 e modificada ó 4 de xaneiro de 2005.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente modificación entrará en vigor e aplicarase o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O Porriño 25 de febreiro de 2008

O ALCALDE,

Asdo. Raul Francés Rodríguez.